



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Ratificación de acordos e adopción de acordos complementarios

5) Informe relativo á execución do orzamento de 2017 do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo

Logo de aprobado pola Mesa da Cámara na súa reunión do 19 de febreiro de 2018, coas abstencións das Sras. vicepresidenta 2.^a e vicesecretaria, o informe sobre a execución do orzamento do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo de 2017 elaborado pola interventora da Cámara.

Logo de presentado á Xunta de Portavoces na reunión que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018.

Visto o disposto no artigo 30.1.3.^a do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Publicar no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia o informe sobre a execución do orzamento do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo de 2017.

2.º) Comunicarlle este acordo á Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 27/02/2018 12:02:11

Intervención e Asuntos Económicos

INFORME SOBRE A EXECUCION DO ORZAMENTO 2017

O artigo 30, alínea 1.3ª do Regulamento do Parlamento de Galicia (na redacción dada polo Pleno do Parlamento na sesión do 03/08/2015 e publicada no DOG nº 162, do 26/08/2015) atribúe á Mesa do Parlamento non só a elaboración do proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia e proceder a súa execución unha vez aprobados, senón que tamén lle corresponde “ *ao final de cada exercizo, elaborar un informe sobre a súa execución que se presentará perante a Xunta de Portavoces e se publicara no Portal de Transparencia*”.

E por ilo que, esta Intervención, en aras de facilitar o cumprimento pola Mesa do dito cometido, e en exercizo das funcións que me atribúen o artigo 16 do Regulamento de Organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG do 24/10/2008), emito o presente informe:

I. INTRODUCCIÓN

En primeiro lugar, dicir que a competencia conferida á Mesa do Parlamento derivase do principio de autonomía orzamentaria da que goza este ente estatutario ao abeiro do artigo 12.2. do Estatuto de Autonomía e desenvolto mediante o Regulamento de Réxime orzamentario e Contable do Parlamento de Galicia e Valedor do Pobo, publicado no BOPG nº 362, do 27/05/2003 (en diante ROC), e que se materializa especialmente nos seguintes hitos:

- a elaboración do seu propio orzamento, con independencia de que se integre no Orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia, e haxa de seguir a lexislación orzamentaria autonómica con carácter supletorio, e a Estatal chegado o caso
- a aprobación da súa conta xeral en virtude da consideración tanto da cámara lexislativa como do Valedor do Pobo como entidades contables independentes que axustan a súa xestión contable ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia do 29 de novembro de 2001

Asemade a Mesa encargase de executar o orzamento e presentar, ao final de cada exercizo, un informe sobre a súa execución.

Considerando que, de efectualo á data 31 de decembro estaríamos a ofrecer os resultados que se recolleran na próxima liquidación do orzamentos a confeccionar antes do 01 de marzo do ano seguinte, e que, por outra banda, os estados de execución do orzamento véñense amosando por outras administracións públicas con periodicidade trimestral (coincidente co trimestre natural) consistindo unicamente nos estados dos ingresos e gastos á data, mentres que o informe do cumprimento do orzamento se rende noutros parlamentos (Congreso dos Deputados, Cortes de Aragón...) contra mediados de ano trala liquidación, unha vez anuladas as autorizacións e disposicións que non acadaron a Recoñecemento da obriga. Por ilo, esta Intervención, a falta doutra especificación, emitiu por primeira vez o informe de execución do orzamento 2015 atendendo aos datos existentes a 30/11/2015, para dar cumprimento ao artigo 3, respectando o máximo o teor literal da norma, sen prexuízo de que, en calquera caso, publícanse, cando menos con periodicidade trimestral, os estados de execución de ingresos e gastos en acatamento da Lei 19/2013 de Transparencia.

Emítese agora o correspondente ao exercizo 2017 segundo o mesmo criterio temporal, en tanto, adaptado para os informes dos anteriores exercizos, é dicir, a 30 de novembro.

II. ORZAMENTO DO EXERCIZO 2017 E MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

A Mesa do Parlamento aprobou no seu día o proxecto de orzamento consolidado do Parlamento de Galicia -que abrangue xunto ao da cámara o do Valedor do Pobo- para o exercizo 2017 ao abeiro do estipulado no artigo 6 do ROC. O dito proxecto remitiuse á Consellería de Facenda para a súa inclusión nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e, superado o trámite parlamentario veu a luz na Lei 1/2017 (DOG 09/02/2017).

Sen embargo, nesta anualidade do 2017 deuse a singularidade de que o 28/06/2017 publicouse no BOE a Lei 3/2017 de orzamentos xerais do Estado para o 2017 que contemplaba a suba das retribucións do persoal do sector público en un porcentaxe non superior ao 1%. Por ilo, o 14/07/2017 publicouse a lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 08 de febreiro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma; esta lei dota dos recursos adicionais para dar cobertura ao referido incremento no orzamento consolidado do Parlamento de Galicia supoñendo o incremento global do capítulo I do estado de gastos de ambas institucións nun 1% e, por ende, das transferencias do estado de ingresos no mesmo importe.

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

O orzamento do Parlamento do exercizo 2017 desagregase nos seguintes capítulos do ESTADO DE GASTOS INICIAL:

GASTOS	Capítulos	Créditos iniciais	% que representa no orzamento 2017	Variación respecto 2016
Capítulo I	Gastos de persoal	8.074.642,00	47,53%	0%
Capítulo II	Gastos en bens correntes e de servizos	5.622.640,00	33,10%	0,15%
Capítulo III	Gastos financeiros	0,00	0,00%	0,00%
Capítulo IV	Transferencias correntes	2.633.586,00	15,50%	-1,43%
Capítulo VI	Investimentos reais	555.882,00	3,27%	139,09%
Capítulo VII	Transferencias de capital	1.250,00	0,01%	-37,50%
Capítulo VIII	Activos Financeiros	100.000,00	0,59%	66,67%
	TOTAL	16.988.000,00	100%	2,00%

Posteriormente, ao abeiro da Lei 3/2017 os créditos resultan:

GASTOS	Capítulos	Créditos iniciais	Variación respecto 2016
Capítulo I	Gastos de persoal	8.155.389,00	1,00%
Capítulo II	Gastos en bens correntes e de servizos	5.622.640,00	0,15%
Capítulo III	Gastos financeiros	0,00	0,00%
Capítulo IV	Transferencias correntes	2.633.586,00	-1,43%
Capítulo VI	Investimentos reais	555.882,00	139,09%
Capítulo VII	Transferencias de capital	1.250,00	-37,50%
Capítulo VIII	Activos Financeiros	100.000,00	66,67%
	TOTAL	17.068.747,00	2,48%

No tocante aos ESTADO DE INGRESOS INICIALMENTE PREVISTOS son:

INGRESOS	Capítulos	Previsións iniciais	% que representa no orzamento 2017	Variación respecto 2016
Capitulo III	Taxas, prezos e outros ingresos	0,00	0,00%	0,00%
Capitulo IV	Transferencias correntes	16.328.368,00	96,12%	-0,17%
Capitulo V	Ingresos patrimoniais	2.500,00	0,01%	-44,44%
Capitulo VII	Transferencias de capital	557.132,00	3,28%	137,58%
Capitulo VIII	Activos Financeiros	100.000,00	0,59%	66,67%
	TOTAL	16.988.000,00	100%	100%

Posteriormente, ao abeiro da Lei 3/2017 os ingresos resultan:

INGRESOS	Capítulos	Previsións iniciais	Variación respecto 2016
Capitulo III	Taxas, prezos e outros ingresos	0,00	0,00%
Capitulo IV	Transferencias correntes	16.409.115,00	0,32%
Capitulo V	Ingresos patrimoniais	2.500,00	-44,44%
Capitulo VII	Transferencias de capital	557.132,00	137,58%
Capitulo VIII	Activos Financeiros	100.000,00	66,67%
	TOTAL	17.068.747,00	2,48%

Sen embargo ao longo do exercizo e ata o 30/11/2017 efectuáronse as seguintes MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

Nº	Data	Tipo de Modificación	Importes (€)	Partidas incrementadas/ concepto	Financiamento
1	20/01	Transferencia	2.972,00 8,00 8.000,00	226.02 publicidade (vídeo divulgativo) 359 Outros gastos financeiros 470.00 Subvencións e convenios	120.00 soldos postos vacantes grupo A
2	06/03	Incorporación Remanentes	858.424,32	Varias partidas obxecto de incorporación	Remanente de Tesouraría
3	06/03	Suplemento	83.490,00	216. Equipamento proc. información (implantación sistema de seguridade)	Remanente de Tesouraría
4	09/03	Transferencia	11.700 16.074 2.000 6.901	226.02 publicidade 227.06 estudos e traballos técnicos 444.00 Subvención curso Univer.vigo 625 Mobiliario	121.01 Complemento específico funcionarios
5	08/05	Crédito extraordinario	21.343,09	628.02 Televisores LED	Remanente de Tesouraría
6	08/05	Transferencia	2.874,00	470.00 Subvencións e Convenios (Convenio Biopsia Liquida)	481.02 Subvencións entidades carácter social
7	07/06	Transferencia	8.797,00 10.223,50 5.786,00 15.918,5	226.02 publicidade (Libro Carlos Casares e fotografías PG para difusión da imaxe) 226.06 reunión e conferencias (caterings medallas e plenos) 625 Mobiliario (mesas grupo En Marea) 628.01 Fondos artísticos (escultura Ramón Conde e cadro " Home con paraugas)	Soldos postos vacantes 120.00 soldos G.A 120.01 soldos G.B 120.02 soldos G.C 120.03 soldos G.D
8	Suplemento	217.800,00	640 (implantación sede electrónica)	Remanente de Tesouraría
9	04/07	Transferencia	15.600,00	226.06 Reunións e conferencias (caterings plenos e prensa ata final de ano e actuacións visita delegación Azores)	121.00 complemento de destino postos vacantes
10	10/07	Transferencia	19.430,00 3.630,00	226.01.02 Gastos de protocolo 628.01 Fondos artísticos	121.00 complemento de destino postos vacantes
11	28/07	Transferencia	6.857,00	206.00 alugamento de equipos	Soldos postos vacantes G.D.

					120.03
12	01/08	Suplemento	3.222,00 5.344,16 89.208,46	220.02 Material informático no inventariable 227.01 Seguranza 623 Maquinaria, instalacións	Remanente de Tesouraría
13	23/08	Transferencia	1.980,00	226.04 Publicacion en diarios oficiais	Soldos postos vacantes G.D. 120.03
14	12/09	Transferencia	7.558,00 10.859,00 10.200,00 8.965,00 2.341,00	221.99 Subministros para tenda 226.02 Publicidade, propaganda.. 226.06 Reunions e conferencias 227.99 Outros traballos técnicos 470.00 Subvencións e convenios entidades privadas	120.03 Soldos postos vacantes G.D 121.00 Complemento de destino postos vacantes 121.01 soldos vacantes G.B 481.02 subvencións entidades carácter social
15	27/09	Transferencia	4.000,00	226.02 Publicidade e propaganda	120.02 soldos G.C.vacantes 121.00 Complemento de destino postos vacantes
16	10/10	Transferencia	21.941,00 18.131,00 242,00 5.000,00	213 Maquinaria(reparación reixa principal, impresión copias, megafonía PSOE) 216 equipamento proc.inform. (licenzas) 227.06 estudos, traballos técnicos(taxación) 470.00 subvencións (conferencias ASOMEGA)	121.01 Complemento especifico funcionarios postos vacantes 481.02 subvencións entidades carácter social
17	10/10	Transferencia	7.084,00 4.371,00 18.587,00 8.480,00 4.000,00	213 Maquinaria (deteccion de incendios) 215 Mobiliario (paneis exposicións) 220.02 Material informatico (lic.Oracle) 226.01.02 Protocolo (Libro Isabel Zendal) 227.06 Estudos e traballos tecnicos	121.01 Complemento especifico funcionarios postos vacantes
18	25/10	Transferencia	1.780,00	151 Gratificacións	121.01 Complemento especifico funcionarios postos vacantes
19	24/11	Transferencia	2.050,00	151 Gratificacións	121.01 Complemento especifico funcionarios postos vacantes
20	28/11	Transferencia	2.525,00 17.930,00 11.000,00 3.410,00 5.810,00 12.075,00 20.000,00	215 Mobiliario 216 Equip.proc.infor. (licenzas, software) 221.09 Material electrónico 221.00 Subministros tenda 223 Transportes 226.01.02 Protocolo (bandeiras e outros) 226.06 Reunións (caterings)	230 Axudas de custo 480 Becas

En consecuencia, os capítulos de gastos víronse modificados nos seguintes termos:

GASTOS	Capítulos	Créditos modificados	% que representa no orzamento 2017
Capítulo I	Gastos de persoal	7.937.753,00	43,26%
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	6.166.496,09	33,61%
Capítulo III	Gastos financeiros	8,00	0,00%
Capítulo IV	Transferencias correntes	2.579.927,00	14,06%
Capítulo VI	Investimentos reais	1.562.144,94	8,51%
Capítulo VII	Transferencias de capital	1.250,00	0,01%
Capítulo VIII	Activos financeiros	100.000,00	0,55%
	TOTAL	18.347.579,03	100%

E os capítulos de ingresos do seguinte xeito:

INGRESOS	Capítulos	Previsións modificadas	% que representa no orzamento 2017
Capítulo III	Taxas, prezos e outros ingresos	0,00	0,00%
Capítulo IV	Transferencias correntes	16.409.115,00	89,43%
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	2.500,00	0,01%
Capítulo VII	Transferencias de capital	557.132,00	3,04%
Capítulo VIII	Activos financeiros	1.378.832,03	7,52%
	TOTAL	18.347.579,03	

Estado da situación do Orzamento de Ingresos

A 30/11/2017 recadamos un 69,96%, que se corresponden basicamente coas mensualidades de xaneiro a setembro de 2017 ingresadas pola Consellería de Facenda* imputándose tamén os DR de outubro, novembro, e decembro 2017 (os dous primeiros xa ingresados á data deste informe)*e que se imputan como transferencias de capital e transferencias correntes, e o resto dos ingresos trátanse de reintegros de exercizos pechados ou de orzamento corrente e reintegros de anticipos de persoal.

*Cómpre indicar que actualmente o ingreso realizase cunha diferenza de 2 meses sobre a mensalidade que correspondería.

Estado da situación do Orzamento de Gastos

A 30/11/2017 executouse o 85,43% dos créditos xa modificados.

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO VALEDOR DO POBO

O orzamento do Valedor do exercizo 2017 desagregase nos seguintes capítulos do ESTADO DE GASTOS INICIAL:

GASTOS	Capítulos	Créditos iniciais	% que representa no orzamento 2017	Variación respecto 2016
Capítulo I	Gastos de persoal	1.311.388,00	76,31%	3,21%
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	381.950,00	22,23%	4,70 %
Capítulo IV	Transferencias correntes	300,00	0,02%	-97,78%
Capítulo VI	Investimentos reais	11.100,00	0,65%	-44,78%
Capítulo VII	Transferencias de capital	550,00	0,03%	-21,43%
Capítulo VIII	Activos financeiros	13.200,00	0,77%	-12%
	TOTAL	1.718.488,00	100%	2%

Posteriormente, ao abeiro da Lei 3/2017 os créditos resultan:

GASTOS	Capítulos	Créditos iniciais	Variación respecto 2016
Capítulo I	Gastos de persoal	1.324.502,00	4,24%
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	381.950,00	4,70%
Capítulo IV	Transferencias correntes	300,00	-97,78%
Capítulo VI	Investimentos reais	11.100,00	-44,78%
Capítulo VII	Transferencias de capital	550,00	-21,43%
Capítulo VIII	Activos financeiros	13.200,00	-12,00%
	TOTAL	1.731.602,00	2,78%

No tocante aos ESTADO DE INGRESOS INICIALMENTE PREVISTOS son:

INGRESOS	Capítulos	Previsións modificadas	% que representa no orçamento 2017	Variación respecto 2016
Capítulo IV	Transferencias correntes	1.689.138,00	98,29%	3,06%
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	4.500,00	0,26%	-55,00%
Capítulo VII	Transferencias de capital	11.650,00	0,68%	-43,99%
Capítulo VIII	Activos financeiros	13.200,00	0,77%	-12,00%
	TOTAL	1.718.488,00	100%	2%

Sen embargo ao longo do exercizo, e ata o 30/11/2017 efectuáronse as seguintes MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

Nº	Data	Tipo de Modificación	Importes (€)	Partidas incrementadas/ concepto	Financiamento
1	06/03	Incorporación Remanentes	53.739,08	Varias partidas	Remanente de Tesouraría
2.1º	06/03	Crédito extraordinario	15.400,00	226.19 Xornadas Valedores (logo corrixida a partida 226.18)	Remanente de Tesouraría
2.2º	06/03	Suplemento	30.000,00 14.000,00 7.962,5 48.811,4	227.06 Estudos e traballos técnicos (informe accesibilidade) 626 Equipos informáticos(servidores) 632 Edificios e outras construcións (pintura interior edificio sede VP) 640 Gastos en inversión (implantación admón. electrónica)	Remanente de Tesouraría
3	22/03	Transferencia	3.560,00	626 Equipos informáticos (adquis.dispositivos almacenamento)	216 Equipos procesos información
4	03/05	Transferencia	2.500,00	628.02 Outro inmovilizado material (Desfibrilador)	830 Anticipos persoal
5	10/05	Transferencia	91,22	626 Equipos informáticos (adquisición de SAI)	830 Anticipos ao persoal
6	29/05	Transferencia	145,90	626 Equipos informáticos (disco de memoria)	830 Anticipos persoal
7	05/06	Transferencia	1.792,00	626 Equipos informáticos (adquisición de SAI)	830 Anticipos persoal
8	06/06	Transferencia	310,00	626 Equipos informáticos (adquisición equipos de comunicación)	830 Anticipos persoal
9	19/07	Transferencia	3.091,00	626 Equipos informáticos (adquisición de RACK para servidores e 2 PCS)	270 Publicación de informes
10	23/10	Transferencia	823,76 93,70	151 Gratificacións (servizos extraordinarios e traballos excepcionais en organización Xornadas). 640 Gastos en inversión de carácter inmaterial (licenza para web de transparencia)	16000 Seguridade social e outros

En consecuencia, os capítulos de gastos víronse modificados nos seguintes termos:

GASTOS	Capítulos	Créditos modificados	% que representa no orzamento 2017
Capítulo I	Gastos de persoal	1.324.408,30	69,66 %
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	446.717,06	23,49 %
Capítulo IV	Transferencias correntes	300,00	0,02 %
Capítulo VI	Investimentos reais	121.178,74	6,37 %
Capítulo VII	Transferencias de capital	550,00	0,03 %
Capítulo VIII	Activos financeiros	8.360,88	0,44 %
	TOTAL	1.901.514,98	100%

E os capítulos de ingresos do seguinte xeito:

INGRESOS	Capítulos	Previsións modificadas	% que representa no orzamento 2015
Capítulo IV	Transferencias correntes	1.702.252,00	89,52%
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	4.500,00	0,24%
Capítulo VII	Transferencias de capital	11.650,00	0,61%
Capítulo VIII	Activos financeiros	183.112,98	9,63%
	TOTAL	1.901.514,98	

Estado da situación do Orzamento de Ingresos

A 30/11/2017 recadouse un 82,55 % sobre as previsións iniciais, dado que a Xunta de Galicia efectuou no período de execución de que se trata os ingresos correspondentes ás mensualidades de novembro 2016 a setembro 2017, imputándose tamén os DR de outubro, novembro, e decembro 2017 (os dous primeiros xa ingresados á data deste informe)*, ingresos que desagregáronse en transferencias de capital e transferencias correntes.

*Cómpre indicar que actualmente o ingreso realizase cunha diferenza de 2 meses sobre a mensalidade que correspondería.

Estado da situación do Orzamento de Gastos

A 30/11/2017 executouse o 84,44% dos créditos xa modificados.

Para maior comprensión, xúntanse os gráficos e anexos que detallan os estados de gastos e ingresos e o porcentaxe da execución orzamentaria.

Santiago de Compostela, a 15 de febreiro de 2018

A interventora

**CAROLINA COSTOYA
PARDO - 33295922H**

Firmado digitalmente por CAROLINA COSTOYA PARDO - 33295922H
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate:
AAPP-FP-M-SW-KPSC, title=INTERVENTORA, ou=certificado
electrónico de empleado público, ou=INTERVENCIÓN E ASUNTOS
ECONÓMICOS, o=PARLAMENTO DE GALICIA,
serialNumber=33295922H, sn=COSTOYA PARDO,
givenName=CAROLINA, cn=CAROLINA COSTOYA PARDO -
33295922H, c=ES
Fecha: 2018.02.16 12:59:43 +01'00'